

NÚMEROS NATURAIS: PROBLEMAS

- 1) Enchemos 5432 sacos de trigo. Cada saco pesa 92 kg e sobraron 20 kg. Canto trigo había?
- 2) Catro irmáns reparten os seus aforros e a cada un tócalle 6'50 €. Canto tiñan aforrado?
- 3) Un selo custa 32 cent. Canto valen 12 selos?
- 4) Xan ten 75 €, Ana 13 € máis e María 21 € menos que Ana. Canto teñen os tres xuntos?
- 5) Por un coche pagamos 2785 € de entrada e 36 mensualidades de 398 €. Canto pagaremos en total polo coche?
- 6) Vendemos 1782 ovos a 2'30 € a ducia. Canto gañamos?
- 7) Cantas caixas dunha ducia poden encherse se teño 837 ovos?
- 8) Que número dividido por 12 dá 63 de cociente e 7 de resto?
- 9) Antón merca caramelos a 1'05 € o quilo e vende a 3 cent. a unidade. Sabendo que un quilo son 50 caramelos, cantos quilos debe vender para gañar 9 €?
- 10) Un restaurante pagou 1144 € por 143 kg de carne. Cantos quilos gastou este mes se paga 1448 €?
- 11) Tres irmáns queren mercar unha bici que vale 150 €. Miguel ten 27 €, Marta o dobre e Ana 18 € menos que Marta. Canto lles falta?
- 12) Un agricultor ten unha horta con 200 limoeiros e calcula que con cada árbore encherá sete caixas de cinco quilos de limóns. Canto gañará se vende o produto a 2 € o quilo?
- 13) Cantos bidóns de petróleo de 500 litros se enchen cun depósito dun millón de litros?
- 14) Un barco consegue 9100 € pola captura de 1300 kg de pescada. Canto obterá outro barco que chega con 1750 kg de pescada da mesma calidade?
- 15) Un tendeiro merca 15 caixas de leite con 10 botellas dun litro. Paga 5'30 € por caixa e no transporte rompeu 5 botellas. Se vende o leite a 70 cent. o litro, canto gaña o tendeiro? (debes ter en conta os cartos que pagou).